

Lanzarote (3)

24 de outubro de 2025

<https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.37933.php>

Vulcano, o deus do inframundo dando golpes na súa incre de cobalto e petando cos seus martelos de metais imprecisos mete carbón a esgalla e co sopro do barquín orixinou unha grande labarada, incendiouse o inframundo de súpeto e das forxas que entón había traballando saíron outros tantos volcáns orixinando explosións nos metais que había debaixo da terra e así naceu Lanzarote.

Perla moura traballada co lume dos deuses, imprecisa forma xurdida das súas quenturas e do amor fogoso dos seres do trasmundo que trataron de apagalo entre as augas do océano. Negro e branco son os seres que se achan no medio dos azuis da auga e do ceo.

A negritude do inferno de lapas fixo a negritude dos teus adentros corpóreos de pedras mouras cortantes coma os coitelos da forxa de Vulcano. Illa espida, sen ningunha vestimenta que te acubille, núa entre o silencio; tan só auga e vento onde as nubes corren entolecidas e baixan polos seos das túas graciosas montañas, contornadas, asexadas, limpas, formando curvaturas no horizonte, quizais sexan seos de deusas do alén ou virxes durmidas entre os ventos alisios que os fregan e erosionan en apaxos necesarios ou quizabes nunha erótica complementaria.

Os seus seos déixanse acariñar e o vento foula entre a ledicia e a sabedoría.

Os pobos brancos ao lonxe colman o silencio e apáganse de calores reservados sempre ao branco.

Cardos e palmeiras son os teus habitantes primixenios cruzados por lagartos mouros enverdecidos, habitantes desérticos e compañeiros terrícolas do mouro.

Canto silencio! Que soidade te engasta en vento! Os estados da natureza orixinaria descóbrense en ti, prístina creación e inicio do mundo insectívoro.